

▶ Este profesor catedrático vén de gañar o primeiro premio do certame de poesía do belén de Begonte e 'A Pipa' de Becerreá, dous recoñecementos máis que unir a súa curta pero intensa e exitosa carreira literaria, que ampliará este ano con dúas novas publicacións.

«O pracer de escribir non se paga con diñeiro deste mundo»

TEXTO E FOTO: **CRISTINA PÉREZ**

XOSÉ OTERO CANTO (Ponte de Outeiro, Castro de Rei, 1951) leva máis de 30 anos dedicado á docencia, os 10 últimos como mestre de Lingua Castelá e Literatura no IES 'Lucus Augusti' de Lugo. Hai dous anos deixou de lado o medo que lle producía amosar os seus sentimentos e publicou o seu primeiro poemario 'Salaos da Chaira'. No 2008 veu a luz 'Arelas de Prata e Soños' e este ano presentará dúas obras 'Miño: río pai e amigo', editada pola Fundación Manuel María, e 'Atafegando o asfalto', que publicará Follas Novas, dous poemarios premiados nas dúas últimas edicións do Certame Literario de Vilalba.

Vén de recibir premios nos certames de Begonte e Becerreá, que o levou a compoñer e presentarse?

Os versos de Begonte xurdiron porque estiven enfermo e tiven tempo. Son só unha serie de poemas que fan unha aproximación ó que sería Xesús segundo os doutores e segundo os chairegos e sobre o belén, escritos única e especificamente para o concurso. En Becerreá gañei co que podería ser a continuación de 'Arelas', titulada 'Celos da nao varada'. É poesía de

mar, un marino, como dirían os pintores.

Que lle reportan estes premios?

Reciboos con moito agarimo, con moita tenrura. Para min son un recoñecemento ó que fago. Se teñen outra componenda monetaria, pois mellor, pero a min gústame recibilos aínda que non haxa diñeiro. Da poesía ninguén se pon rico. Hai quen pensa que se publicas xa está, pero non só non che dá diñeiro senón que che quita cartos e tempo. Falo polo pracer de escribir, algo que non é pagado con diñeiro deste mundo.

A Fundación Manuel María editará este ano un poemario sobre o río Miño, que pode adiantar desta publicación?

Vai ser un libro moi bonito, para coleccionistas. É chairego 100% e nel aparecen ilustradores de gran talla e citas de xente chairega e galega referidas ó Miño. O río é unha metáfora de Galicia. Di Primitivo Iglesias, no prólogo, que hai unha gran denuncia social e un desacougo íntimo, vese o abandono secular de Galicia e a resignación milenaria das súas xentes, a degradación do medio, a desaparición dos sinais de identidade, o despoboamento...

De onde xorde a colaboración con Primitivo, alcalde da Pastoriza?

Primitivo é íntimo amigo meu, estudamos xuntos en Santiago, fixemos a mesma licenciatura e sempre tivemos unha relación moi de amizade. É un grande do mundo da filoloxía e pareceume a persoa adecuada, porque el tamén sente a Chaira.

Quen son os seus referentes?

Para cada libro teño un escritor de referencia. Neste foron Aquilino Iglesia, que é un grandísimo, o mesmo que Crecente Vega. Hai que reivindicar o Día das Letras Galegas para os dous, e tamén para Díaz Castro. Tamén me apasionan Méndez Ferrín, Bernardino Graña...

Vostede definiu 'Atafegando o asfalto' e 'Salaos' como obras tristes, a que se debe esa tristura?

Tanto a alegría como a tristeza son dous estados de ánimo que comoven. Unha persoa pode chorar por una tristeza penetrante ou por unha alegría extraordinaria. Eses dous momentos exacerbados do individuo son os que desexas plasmar mediante verbas. Escollín estes dous momentos álxidos e os de tristura predominan en min. O de alegría está presente en 'Arelas',

De preto

«O lapis permite buscar a palabra adecuada no momento preciso»

Que versos doutro autor lle gustaría ter escrito?

Moitísimos versos de moitísimos autores. Todo, desde Garcilaso de la Vega ata Camoes, gustaríame escribir todos os que me encantan, que son moitos, pero tamén vexo moito engano. Hai versos que non lería nin asumiría como meus, porque a poesía, para selo, ten que ter literatura, estética.

Cal foi a súa última lectura?

En tres meses debín ler uns 150 libros coma as cartas de Ramón Piñeiro, Olga Orozco, ou o discurso de entrada a Real Academia de Ramón Cabanillas, que me deixou abraiado.

Segue a compoñer co lapis?

Si. Paréceme un instrumento moi noble ó que se lle restou importancia. A poesía necesita dun traballo de continuo rexeitamento e o lapis e a goma permítenche buscar a palabra adecuada no momento preciso.

E o ordenador?

É o segundo paso, non vivo sen el tampouco. Cando teño a poesía rematada pásoa ó ordenador e volve haber cambios.

Reformaría tamén o publicado?

Desde o momento en que gravo no disco duro son moi reacio, terían que darse unhas circunstancias moi estranas para que cambie unha palabra.

Cal é o seu recuncho predilecto da Chaira?

A Ponte de Outeiro, sen lugar a dúbidas, á beira do río Miño.

que é un canto á vida e á esperanza, aínda que ten tamén as súas partes mouras.

Ten dito que tardou en publicar por medo a amosar os seus sentimentos, perdura esa sensación?

Sigo tendo a sensación de que o



Xosé Otero Canto, na librería do despacho da súa casa de Lugo.

Idioma



Se teño que salvar un, salvaría o galego, porque é meu e necesítao. É tan precioso que non sabemos o que temos»

Talento na Terra Chá



Falta un persoeiro na poesía chairega, como o foi Manuel María, que tire polas novas xeracións, porque están orfas»

meu sentimento que aflora ó exterior é tan íntimo, tan persoal e tan meu que me dá reparo que os demais o coñezan, pero cheguei ó convencemento de que tiña que dalo a coñecer. Houbo unha loita entre o sentimento persoal e a ne-

cesidade de facelo público e gañou o último, pero aínda hai lide.

É mestre de Lingua Castelá, pero escribe en galego, complemento ou contradición?

Penso que complemento, porque creo que todas as linguas se com-

plementan unhas a outras. Cantas máis linguas coñezas e máis profundamente, mellor, máis capacidade tes, non somentes para pensar senón tamén para sentir, porque cada palabra de cada lingua ten un significado tan preciso, tan exacto, que en ningunha outra lingua pode ter aquel significado. Cantas máis palabras coñezas, máis coñeces o mundo.

E se tivese que escoller?

Se teño que salvar un, salvaría o galego, porque me gusta, é meu e porque o necesita. É tan precioso que non sabemos o que temos.

Podería escribir por encarga?

Non. Teño que sentilo. Non escribo por encarga, pero sigo unha línea. Se é da cidade, é da cidade, non hai misturas, é un todo.

Pensou en escribir unha novela?

Non. A mín gústame a poesía, páreceme que é o máximo ó que se pode aspirar en canto a creación.

Ten algunha obra no tinteiro?

Teño dúas, que están remansando, collendo o pouso, coma o viño. Unha delas ten algo que ver co vento e a outra coa cidade. E sigo esperando que o Concello de Lugo publique unha guía sobre a muralla romana.

Naceu en Ponte de Outeiro, vive en Lugo dende os 10 anos, ten unha casa en Barreiros... De onde se sente?

Son unha patria. É moi triste ser unha patria, porque non es de ningún lado aínda que te sintes identificado con todos e calquera problema que haxa nunha zona desas séntelo coma teu.

Hai pouco participou na presentación de 'As Crónicas Chairegas', obra do debutante Paulo Martínez, de Begonte. A Chaira é fonte de talentos e de inspiración?

A Chaira é unha cunca inmensa e inesgotable de talento. Paulo Martínez é un exemplo, é un novo talento, un rapaz moi xoven que se continúa vai ser un grande das letras galegas. Fai unha prosa moi interesante e moi bonita e ten certa maxia na palabra. Para min, falta un persoeiro na poesía chairrega, como o foi Manuel María, que tire polas novas xeracións, porque están orfas.